LECTURAS DE LITERATURA GALEGA.
CURSO 2012-13.
4º ESO.

Poetízate, *Fran Alonso*, Xerais.

Un bosque cheo de faias, *Francisco Castro*, Everest,

Todo é silencio, *Manuel Rivas , Xerais*

Data de entrega dos traballos:
1ª avaliación: antes do 14 de decembro.
3ª avaliación: antes do 30 maio.
Entrega de traballos no correo mbmcazas@gmail.com

AVALIACIÓN DAS LECTURAS

En cada avaliación será obrigatoria a lectura dun libro. Avaliarase mediante unha proba escrita na segunda avaliación e realizarase un traballo na primeira e terceira.

Estrutura da proba de lectura
A proba de lectura terá unha duración de 50 minutos e constará de tres preguntas:

1. Localización dun fragmento do libro escollido e resumo
Seleccionarase un fragmento significativo da obra e deberedes situalo no argumento, é dicir, contar brevemente o que sucede antes e despois del. Ademais disto, teredes que resumir o conxunto da obra.
Para responder esta pregunta podedes proceder de dous xeitos:
a) Primeiramente situades o fragmento, indicando explicitamente "Antes sucede..." e "Despois o que ocorre é..."; e deseguido, á parte, realizades un resumo da obra completa.
b) Comezades xa directamente realizando o resumo da obra completa e, cando cheguedes aos acontecementos do fragmento seleccionado, indicades entre paréntese ("Aquí ocorren os feitos do fragmento seleccionado") e continuades co resumo ata o final.
A extensión máxima recomendada para o resumo global é dunha cara e media.
2. Vocabulario
Subliñaranse tres palabras no texto correspondente e deberedes explicar o seu significado no contexto en que se atopan, non de xeito xenérico. Non serven só sinónimos nin, por suposto, a tradución do termo ao castelán. Se só se vos ocorren sinónimos empregade fórmulas prefixadas; por exemplo, se tedes que definir "fraco", en vez de poñer "delgado", escribiriades algo do tipo "dise dunha persoa delgada". Non se espera unha definición de especialistas, senón que se valorará o esforzo por empregar unha estrutura característica das definicións.
Se descoñecedes o significado dalgunha das palabras marcadas debedes tratar de deducilo polo contexto porque a vosa capacidade de dedución é outra das

cuestións que pretende medireste exercicio.

3. Opinión persoal (150 palabras, aprox.)

Espérase unha opinión acorde coa vosa formación, é dicir, unha opinión de lectores/as non de especialistas en literatura. Polo tanto, fuxide de expresións do tipo “é un libro excelente” / “é un libro malo” ou similares. O que debedes expresar é o que vos pareceu, se vos gustou ou non, pero sempre de xeito argumentado. Se non sabedes que comentar, pódenvos servir de guía os seguintes aspectos:

- ➔ Que partes/aspectos vos resultaron máis atractivos e cales menos, indicando as razóns.
- ➔ A orixinalidade/novidade do tema en relación ao que vós coñecedes e lestes.
- ➔ As reflexións que podedes facer para a vosa vida a partir da lectura.
- ➔ Valoración do final: indicar se vos pareceu axeitado, se o cambiariades, se vos sorprendeu, se é moi comercial, se é previsible de máis...
- ➔ Personaxes: Parecéronvos ben caracterizados? Identificástesvos con algún deles? Cal/cales vos suscitaron máis interese? Algún deles provocouvos rexeitamento? Por que?
- ➔ Outros libros cos que o podedes relacionar ou comparar (pola temática, autoría, época, forma...)
- ➔ Películas, cancións, obras de arte que vos pasaron pola cabeza durante ou despois da lectura, explicando por que.
- ➔ O nivel de dificultade que tivo para vós a lectura (na estrutura, tema, narradores, lingua, extensión...)
- ➔ · Recomendariades a súa lectura, Por que?

Estrutura do traballo.

Para realizar o traballo deberedes guiarvos por unha ficha que se vos entregará a comezos de curso e teredes que conservala ata a terceira avaliación. Non se recollerá ningún traballo que se entregue fóra de prazo.

Os alumn@s que non realicen as lecturas obrigatorias non poderán superar a asignatura, independentemente da nota obtida no resto das probas relacionadas coa materia. A cualificación das lecturas será de APTO/NON APTO